

## Versos para gozar do silencio

Laura Rodríguez | A Coruña

16 de xullo de 2020

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2020/07/16/versos-gozar-do-silencio-23479606.html>

O verán de 2018, os autores Eva Veiga e Baldo Ramos decidiron confinarse no mosteiro de Oseira para levar a cabo un diálogo poético entre ambos. Dous anos despois, presentan o resultado baixo o título de *Quérote canto*, un poemario publicado pola Editorial Galaxia que retrata a experiencia vivida polos dous escritores, na que o silencio e a natureza son os elementos protagonistas. "Este é un libro introspectivo que indaga no silencio da escritura poética e que presta moita atención a aquelas cousas simples que nos rodean. Aquí, o elemental cobra toda a importancia que non lle damos no noso día a día", sinala Veiga. A presentación de *Quérote canto* terá lugar hoxe ás 20.00 horas na Fundación Luis Seoane, e acompañando aos autores estarán a profesora Teresa Seara e os músicos Bernardo Martínez e Fito Are.

A orixe desta peculiar colaboración xurdiu hai xa tres anos, cando Baldo Ramos lía a última obra de Veiga, *Soño e vértice* (2016). Nese intre, o de Celanova decatouse de que a súa forma de facer poesía tiña certas similitudes coa da autora, e propúxolle levar a cabo esta experiencia conxunta: "Sentín moita afinidade ao ler as súas poesías, porque ambos facemos reflexións sobre a linguaxe e o silencio como un refuxio do mundo. Comenteille a idea de colaborar, e pareceulle estupendo".

Pero, ¿por que escolleron o mosteiro de Oseira? Segundo Ramos, a intención era atopar un lugar "afastado do ruído" e "fora do común" e Veiga, que debido á súa traxectoria na televisión xa coñecía este mosteiro medieval de Ourense, o tivo claro. "Estivera alí nalgunhas gravacións, e recordaba que a xente fora moi agradable e tolerante. Decidimos irnos durante tres días e, sen dúbida, o lugar foi determinante á hora de escribir, tanto pola presenza da natureza como pola tranquilidade", engade a escritora. Pese a compartir espazo, os autores evitaron o contacto durante a súa estadía: querían escribir simultaneamente, pero sen que ningún dos dous coñecera os pensamentos do outro. "Centrámonos na experiencia da reclusión, trabamos amizade con algúns dos irmáns que estaban interesados no proxecto e participamos nos oficios monacais, pese a que ningún dos dous somos relixiosos. A experiencia foi increíble, e o resultado sorprendente", conta Ramos. Cando regresaron ás súas casas e se enviaron os textos, atopáronse con coincidencias inesperadas.

Conta Veiga que, pese a non comunicarse, ambos acadaron "unha gran connivencia". O fenómeno foi tal que decidiron publicar os textos sen autoría, e nin sequera aqueles que coñecen

a poética dos dous escritores souberon identificar de quen era cada un dos poemas, pois todos tiñan moito que ver. "Ao final démonos de conta de que na vida sempre prestamos atención ao que está lonxe, descoidando o próximo. Neste libro reivindicamos a importancia de darnos tempo e de deixar de correr", conclúe a autora.